

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

CM 410A 2009/2-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARIA DE PESCADORES DE ALDÁN-HIO-SAN CIPRIANO
Plan explotación⁽¹⁾	POLIQUETOS
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	A PÉ

Especies	Miñoa de tubo, casulo (<i>Diopatra neapolitana</i>), Mangón, miñoa de area (<i>Arenicola marina</i>), Miñoa (<i>Hediste diversicolor</i>), Gavilán (<i>Lumbrineris impatiens</i>)
Ambito do plan	Zona interna da ría de Aldán: Banco de San Cibrán, praia de Vilariño e O Cagallón. Zona externa da ría de Aldán: praias de Area Brava e Castiñeiras.
Subzonas de explotación	Praia de San Cibrán, praia de Vilariño, O Cagallón, praia de Area Brava e Castiñeiras.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
9		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	36											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de 16 de marzo ao 29 de outubro.											
Modalidade⁽³⁾	A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X	X	X	X	X	X	X	X	X		

Cotas máximas de captura	
Especies	A pé (indiv/mariscadora/día)
Miñoa (<i>Hediste diversicolor</i>)	80
Mangón, miñoa de area (<i>Arenicola marina</i>)	40
Gavilán (<i>Lumbrineris impatiens</i>)	10
Miñoa de tubo, casulo (<i>Diopatra neapolitana</i>)	20

Artes a empregar	Sacho, pá ou forquita
Puntos de control	Lonxa de Aldán.
Puntos de venda	Lonxa de Aldán.

Outras consideracións
Este plan de explotación foi aprobado para os anos 2007, 2008 e 2009 sen que se rexistrase actividade algunha.
Ambito do plan: manterase a zona de traballo aprobada para o plan de explotación do ano



2009, ante a ausencia de actividade en dito ano, a non xustificación dos obxectivos (productivos e económicos) do plan proposto e as deficiencias na avaliación do recurso presentadas. Por outra banda, de punta Morcegos a punta Couso está incluída no ámbito territorial de Bueu, sen embargo non se presenta o informe favorable desta entidade de acordo co establecido no artigo 3º da Orde de 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia.

Solicitudes de apertura: Coas solicitudes de apertura mensuais deberán remitir os seguintes datos:

- Relación das mariscadoras que pretenden desenvolver á actividade.
- Datos de extracción do mes anterior indicando as recolectoras, zona de traballo e nº de individuos/sp capturados.

Arte autorizada: de acordo co artigo 2º da Orde de 6 de febreiro de 1998, na modalidade de a pé só pode utilizarse sacho, pá ou forquita. Non se contempla a sal como método a empregar. Ademais o informe técnico non recomenda o emprego de sal nos bancos marisqueiros nos que se explotan ameixa fina, ameixa babosa, berberecho e carneiro.

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volveuse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

Calendario de traballo e horario: De acordo co establecido no artigo 7º da Orde de 6 de febreiro de 1998, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e en horario comprendido entre as dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, sen que en ningún caso poidan superarse as 17 horas.

De acordo coa Circular de 6.10.2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de traballo.

Extracción simultánea de poliquetos coa de mexilla: O artigo 4º da Orde do 6 de febreiro de 1998, establece que en ningún caso poderá simultanearse a extracción de poliquetos coa doutros recursos.

Recomendacións técnicas para a mellora do plan:

- Deberán establecer un punto de control así como indicar o seu funcionamento e responsables
- Presentación dunha avaliación do recurso con un informe das mostraxes completo, composto dos seguintes apartados: introdución e antecedentes, material e métodos (incluíndo o mapa das estacións e coordenadas GPS), resultados e conclusión.
- Controis periódicos da explotación (mostraxes, etc..) así como un seguemento da actividade extractiva realizada (días, capturas, vendas, etc.).
- Elaboración de plan financeiro.